



BREVES NOTAS PARA GALICIA

	1º TRIMESTRE 2025	
	Nº	Var. Int. 25/24
VIAXES	1.489.903	-28,6%
NOITES	4.900.706	-34,6%
DURACIÓN MEDIA (días)	3,3	-8,5%
GASTO TOTAL (miles)	308.880,57 €	-23,8%
GASTO MEDIO DIARIO POR PERSOA	63,0 €	16,5%

Os datos da Enquisa de Turismo de Residentes do primeiro trimestre de 2025 están condicionados en parte polo efecto do calendario coa celebración da Semana Santa en meses distintos en 2024 -finais de marzo- e agora en 2025 -plenamente en abril-. Isto provoca que as cifras deste período reflictan un comportamento negativo da actividade turística en Galicia.

Rómponse desta maneira a boa dinámica dos últimos trimestres de 2024, con variacións de signo negativo nas principais variables de demanda e de gasto. Só se aprecia como contrapunto ao anterior un incremento do gasto medio diario por persoa, insuficiente en todo caso para superar o volume de gasto total do mesmo período do pasado ano.

Amósanse a continuación as principais conclusións dos resultados da ETR para Galicia.

- Comportamento negativo do turismo de ámbito nacional en Galicia neste primeiro trimestre de 2025, con forte descenso do volume de pernoctacións -do 35% en relación ao pasado ano- como consecuencia da combinación de dous factores: caída do número de viaxes realizadas á nosa comunidade -do 29%- e descenso da duración media das mesmas -do 8,5% neste caso-.
- Esta dinámica coloca os niveis de demanda, medida en volume de noites, por debaixo non só da cifra do pasado ano senón tamén do primeiro trimestre de 2022 e de toda a serie anterior á pandemia -cando se superaban sempre os cinco millóns de noites-. O máximo da serie histórica rexistrouse xustamente o ano pasado, nos primeiros tres meses de 2024, con preto de 7,5 millóns de pernoctacións.
- En termos de viaxes a perspectiva é similar pois o descenso deste ano coloca o nivel final por debaixo de 1,5 millóns, cifra que soamente supera os valores dos anos centrais da pandemia -2020 e 2021-. Neste caso o máximo da serie histórica localízase no primeiro trimestre de 2017, con máis de 2,2 millóns de turistas.
- No curto prazo obsérvase un comportamento negativo da demanda nos tres meses considerados, con caídas tanto do número de turistas coma do volume de noites en xaneiro -do 26%-, en febreiro -do 39%- e en marzo -do 42% neste caso-.



- Galicia é o oitavo destino elixido polos españois na súa viaxe polo territorio nacional – perde dous postos respecto do observado no cuarto trimestre de 2024-, absorbindo o 5,5% do total das pernoctacións estatais. Desde o punto de vista das noites lidera o mercado Andalucía –destino máis importante, que rexistra 16,8 millóns de noites neste trimestre, o 18,9% do total realizado en España-. Seguen en orde de importancia Cataluña –con preto de 11,5 millóns de noites-, Madrid –primeiro destino non mediterráneo que rexistra 9,0 millóns-, a C. Valenciana –con 8,7 millóns de noites- e Castela e León –con 8,3 millóns neste caso-. Estes cinco destinos absorben o 61% do mercado nacional neste primeiro trimestre.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento negativo da demanda a nivel territorial. Así, o turismo nacional descende en boa parte das comunidades -14 en particular-, a taxas variables que van do 6% en Canarias e o 10% en Cataluña ao 35% en Galicia e 40% en Murcia –esta última marca o peor comportamento neste primeiro trimestre-.
- Marcan a excepción tres destinos que neste contexto negativo conseguen superar os niveis de demanda nacional do pasado ano: nun 17% Baleares, nun 5% Asturias e nun 3% Madrid.
- Neste contexto Galicia sitúase como a segunda comunidade con peor comportamento da demanda neste primeiro trimestre, empeorando en máis de vinte puntos o comportamento no conxunto de España –a nivel estatal o nivel de demanda cae un 11%.
- En termos de viaxes Galicia colócase tamén no grupo de destinos con peor comportamento xunto con Murcia e Aragón. Neste caso son Madrid e Canarias as únicas comunidades que conseguen superar as cifras do mesmo período do pasado ano.
- Con esta dinámica só catro destinos conseguen manterse por encima dos niveis previos á pandemia, do primeiro trimestre de 2019, con distancias dispares. Canarias presenta a maior taxa de crecemento, isto é, maior distancia respecto dos valores anteriores á crise mentres que Extremadura sitúase en cifras máis parellas. Engádense a este grupo A Ríoxa e Asturias.
- No lado contrario trece destinos –entre os que se atopa Galicia- sitúanse por debaixo das cifras anteriores á crise, con maior distancia Cantabria, Navarra e Aragón.
- A duración media das viaxes con destino Galicia sitúase en 3,3 noites, cifra inferior á do mesmo período do pasado ano 2024 –cando ficaba en 3,6 noites- máis superior á de 2019 –cando se situaba en 2,6 noites-. As variacións son neste caso menos acusadas e de feito desde unha perspectiva de longo prazo pode falarse máis ben de relativa estabilidade dos valores deste primeiro trimestre –desde 2020 sitúase sempre por encima das tres noites-.
- O descenso da duración media das viaxes é o segundo factor que explica a caída do volume de noites nun contexto de descenso do número de viaxes a Galicia.
- Neste punto Galicia sitúase nunha posición media-alta no conxunto do Estado. Rexistra en síntese a quinta cifra máis elevada, por detrás de Extremadura e Asturias –ambas

marcan o valor máis alto con 3,8 noites de media-, Canarias e Baleares. No lado contrario, a cifra máis baixa localízase en Navarra e Murcia, cunha media de 2,6 noites.

- Sete destinos conseguen superar a duración media das viaxes do pasado ano 2024 -con maior intensidade Asturias e Baleares-. Un mantense en niveis parellos mentres que os nove restantes -entre os que se atopa Galicia- presentan valores inferiores aos do pasado ano -Navarra amosa a caída máis destacada, próxima ao 20% interanual-.
- O 66% das viaxes corresponden ao turismo interno, isto é, aos residentes en Galicia que viaxaron pola propia comunidade. O 34% restante corresponde, por tanto, ás viaxes dos residentes no resto de España que veñen á nosa comunidade. Neste trimestre obsérvase de novo o maior peso do turismo interno na comunidade logo do equilibrio rexistrado no verán, cun reparto parello entre os dous mercados.
- Ambos segmentos presentan unha duración media da viaxe diferente. O viaxeiro interno fica de media 2,2 noites mentres que o nacional -que vén de fóra de Galicia- permanece 5,3 noites de media. Esta diferenza supón que o peso de ambos segmentos de mercado medido polo número de noites sexa diferente. Neste sentido o 45% das pernoctacións corresponden ao mercado interno mentres que o 55% son do mercado receptor nacional.
- O comportamento de ambos segmentos é parello neste primeiro trimestre de 2025. Ambos rexistran un descenso do volume de pernoctacións en relación ao mesmo período do pasado ano, en proporcións importantes -cunha caída do 43% para o turismo interno e do 25% para o receptor nacional.
- Esta dinámica explícase polo mesmo motivo: un descenso do número de turistas -do 32% para o interno e do 20% para o receptor nacional- nun contexto no que cae a duración media da viaxe de ambos mercados -do 16% e 7% respectivamente-.
- Cunha perspectiva máis de longo prazo obsérvase que o mercado interno fica novamente por debaixo dos valores previos á pandemia, e soamente supera o nivel do primeiro trimestre de 2021. Neste sentido sitúase en mínimos dos últimos dez anos. En cambio, o mercado receptor nacional mantense por encima das cifras anteriores á crise -de 2017 a 2020- e tamén do bienio 2022-23.
- O 29% das noites realízanse en aloxamento de mercado -hoteis, pensións, apartamentos turísticos, vivendas de aluguer, cámping, etc- mentres que o groso da demanda, o 71% neste caso, corresponde a aloxamentos "non de mercado" -segunda residencia, casa de familiares e/ou amigos, etc-. Así pois, sete de cada dez noites turísticas realizadas polos españois en Galicia durante este primeiro trimestre corresponde a aloxamentos fóra do mercado.
- Esta estrutura cambia levemente en comparación co observado no cuarto trimestre do pasado ano, gañando sete puntos de peso o aloxamento fóra de mercado -supoñía o 64% das noites de outubro a decembro de 2024-.
- Ambos segmentos presentan un comportamento parello neste período. O nivel de demanda no aloxamento de mercado descende en relación ao pasado ano -nun 31%-

manténdose en todo caso por encima da cifra de 2019 -nun 2% en relación ao nivel de hai seis anos-. Con isto este segmento rexistra algo máis de 1,4 millóns de noites.

- O segmento que opta por aloxamentos “non de mercado” presenta tamén unha dinámica negativa, cun descenso do 36% en relación ao pasado ano -que leva a situarse por debaixo do nivel de 2019, un 9% menos-.
- O gasto total realizado polos turistas españois en Galicia ascende a 309 millóns de euros, cifra que descende un 24% en relación ao pasado ano -manténdose neste caso por encima do valor previo á pandemia, de 2019-. En realidade, a pesar da caída o nivel de gasto total deste primeiro trimestre é o segundo máis alto de toda a serie histórica.
- Neste punto Galicia sitúase como a oitava comunidade máis importante en volume de gasto total, absorbendo o 2,8% do total realizado polos españois. Lideran este ranking Andalucía, Cataluña e Madrid -estas tres representan o 27% do total do gasto realizado polos españois neste ano-.
- Un 42% do gasto total realizado polos españois corresponden a viaxes ao estranxeiro -con destino un país fóra de España-, segmento que ten menos peso na parte de viaxes, o 13% do total, e que sen embargo representan maior gasto.
- Un 37% do gasto total realizado en Galicia corresponde ao turismo interno, dos residentes na comunidade, mentres que a porcentaxe restante -o 63%- é efectuado polo turismo receptor nacional.
- Desta maneira conclúese que o turismo interno, dos residentes en Galicia, supón o 66% do total das viaxes á comunidade mais o 45% das noites e tan só o 37% do gasto total. O mercado receptor nacional co 34% das viaxes efectúa o 63% do gasto total.
- O gasto medio diario por persoa en Galicia, do turista español, sitúase en 63,0 euros, cifra que neste caso increméntase nun 16,5% en relación ao pasado ano, superando tamén a cifra de 2019 -nun 27%-.
- Engádese este incremento ao rexistrado en 2022 e 2023 -en 2024 observárase unha leve caída-, pasando de 38 euros en 2021 -en plena pandemia- a 63 euros agora en 2025. Supera tamén a toda a serie anterior á crise, rexistrando con isto un máximo da serie histórica deste período.
- Este dato varía en función do segmento de referencia. Así, o gasto medio diario por persoa é superior para o turista que se aloxa nalgunha modalidade “de mercado” -con 117,5 euros de media-, fronte ao que opta por alternativas “fóra de mercado” -con 40,7 euros neste caso-. Esta última supón un máximo da serie histórica.
- Cambia tamén en función da procedencia. Así o gasto medio diario do turista interno sitúase en 50,9 euros mentres que o turista que procede de fóra de Galicia gasta de media por día 73,1 euros.
- Madrid é o destino nacional que presenta maior cifra de gasto medio diario do turista español. Con 110,3 euros por persoa e día lidera o ranking neste primeiro trimestre. Seguen en orde de importancia Canarias -con 98,7 euros-, Baleares -con 83,8 euros- e o




País Vasco -con 81,5 euros neste caso-. Só as dúas primeiras superan a media estatal que neste trimestre sitúase en 88,4 euros por persoa e día.

- No lado contrario sitúanse destinos do interior peninsular: Estremadura -con 55,5 euros por persoa e día- e Castela A Mancha -con 50,1 euros neste caso-.
- O gasto medio diario increméntase na maior parte dos destinos españois -trece en particular-, rexistrando Murcia, Navarra e A Ríoxa os crecementos de maior intensidade -por encima do 20% interanual-. O gasto medio diario mantense estable no País Vasco e descende nos tres destinos restantes -un 3% en Aragón, un 12% en Asturias e un 14% en Baleares-.




ANEXO – GRÁFICAS


Viaxes dos españois a Galicia. 1º Trimestre 2016-25




Peso dos mercados: interno e receptor nacional. 1º Trimestre 2025




Viaxes dos españois a Galicia, por orixe do turista. 1º Trimestre 2016-25



Distribución da demanda segundo o tipo de aloxamento. 1º Trimestre 2025



Gasto medio diario por persoa en Galicia. Global e por segmentos. 1º Trimestre 2025



Gasto medio diario dos españois a Galicia, por orixe do turista. 1º Trimestre 2016-25

